

# **ASEMBLEA XERAL 2024**

---

**Sumar**  
Galicia

**RELATORIO  
CÓDIGO ÉTICO**



# 1 PROPOSTA CÓDIGO ÉTICO

## 2 MOVEMENTO SUMAR GALICIA

3

4	<b>1. FINALIDADE E OBXECTIVOS DO CÓDIGO ÉTICO.....</b>	<b>2</b>
5	<b>2. ÁMBITO SUBXECTIVO.....</b>	<b>3</b>
6	<b>3. VALORES E PRINCIPIOS ÉTICOS DO MOVEMENTO SUMAR GALICIA.....</b>	<b>3</b>
7	1. Solidariedade.....	3
8	2. Igualdade.....	3
9	3. Diversidade.....	3
10	4. Internacionalismo.....	3
11	5. Xustiza social.....	4
12	6. Feminismo do 99%.....	4
13	7. Compromiso medioambiental e xustiza climática.....	4
14	8. Federalismo inclusivo.....	4
15	9. Laicidade.....	5
16	10. Transparencia e participación democrática.....	5
17	11. Respecto mutuo e prevención do acoso.....	5
18	12. Xestión eficiente dos recursos.....	5
19	12. Pensamento crítico.....	5
20	13. Responsabilidade colectiva.....	6
21	<b>4. COMISIÓN DE GARANTÍAS.....</b>	<b>6</b>
22	4.1. Normas de funcionamento interno da Comisión de Garantías.....	6
23	4.2. Conflitos de interese.....	7
24	4.3. Investigación xudicial de cargos públicos e estrutura orgánica.....	7
25	<b>5. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....</b>	<b>8</b>
26	5.1. Denuncia.....	8
27	5.2. Convocatoria da Comisión de Garantías. Suspensión cautelar de militancia....	8
28	5.3. Dereitos da persoa denunciada.....	8
29	5.4. Instrucción do expediente.....	9
30	<b>6. RÉXIME DISCIPLINARIO.....</b>	<b>10</b>
31	6.1. Infraccións leves.....	10
32	6.2. Infraccións graves.....	10
33	6.3. Infraccións moi graves.....	11
34	<b>7. INTERPRETACIÓN, REVISIÓN E RENOVACIÓN DO CÓDIGO ÉTICO.....</b>	<b>12</b>
35	<b>ANEXO 1: Protocolo de prevención e loita contra o acoso.....</b>	<b>12</b>
36	<b>ANEXO 2: Plan de igualdade.....</b>	<b>12</b>
37		

## 1. FINALIDADE E OBXECTIVOS DO CÓDIGO ÉTICO

O presente código ético é un conxunto de principios e normas que guían o comportamento das persoas que integramos o Movemento SUMAR GALICIA e establecen un marco para a toma de decisións.

Entendémolo como un documento fundamental para o funcionamento da nosa organización e para a confianza que a sociedade deposita nela, pois define as expectativas sobre como as persoas integrantes debemos interactuar entre nós, con outras organizacións e a súa militancia, e co conxunto da sociedade civil.

9

En concreto, os obxectivos deste código ético son os seguintes:

### a) Promover a Integridade e a Transparencia

Un dos obxectivos primordiais do presente código ético é promover a integridade e a transparencia dentro da nosa organización, a través de estándares claros sobre o que se considera un comportamento aceptable. Ao fomentar a transparencia, búscase que as persoas que teñan algún tipo de responsabilidade ou cargo na estrutura da organización actúen de maneira aberta e honesta, creando un ambiente axeitado para o diálogo e a colaboración, e que á súa vez fortaleza a confianza da cidadanía nos seus representantes.

### b) Fomentar a Responsabilidade

Cada unha das persoas que integra o Movemento debe ser consciente de que as súas accións teñen consecuencias, non só para elas mesmas, senón tamén para a nosa organización e a sociedade en xeral. Unhas normas claras sobre comportamento esperado resultan esenciais para a conciencia e asunción de responsabilidade das persoas que forman parte da estrutura do Movemento SUMAR GALICIA, o cal, á súa vez, ten unha enorme relevancia no ámbito representativo e político, dado o potencial impacto na vida da cidadanía das nosas decisións e accións.

### c) Prevención dos conflitos de interese e orientación de decisións

O presente código ético pretende orientar ás persoas que integran o Movemento SUMAR GALICIA na súa actuación ante diversas situacións con dous obxectivos. Por unha banda, previr conflitos de interese; por outra, para guiar unha toma de decisións aliñada cos valores da organización, garantindo que os intereses do colectivo prevalezan sobre os individuais e poñendo de manifesto o noso compromiso co benestar xeral.

### d) Promover a Cohesión Interna

O presente código ético persegue reflectir e consolidar os valores e principios comúns das persoas que integramos o Movemento SUMAR GALICIA, unha visión coherente sobre o que é xusto e correcto, que actúa como unha áncora que nos une ao redor de ideais compartidos.

Os valores comúns xorden das experiencias compartidas e as loitas colectivas. Por iso, este código tradúceas en principios claros que guían a nosa acción política, promovendo deste xeito a nosa identidade común.

## 1 2. ÁMBITO SUBXECTIVO

2 O presente código ético será aplicado ás seguintes persoas:

- 3 a) Membros do Movemento SUMAR GALICIA
- 4 b) Voluntarias do Movemento SUMAR GALICIA, dentro do que corresponda á súa  
5 implicación no Movemento.
- 6 c) Traballadoras e traballadores do Movemento.
- 7 d) Persoas que ocupen cargos públicos en representación do Movemento  
8 SUMAR GALICIA.
- 9 e) Persoas que sexan designadas ou propostas pola nosa organización, ou co  
10 noso apoio, para ocupar cargos de responsabilidade pública, postos de libre  
11 designación ou análogos, incluso aínda que non sexan integrantes do  
12 Movemento SUMAR GALICIA.
- 13 f) Persoas que integren as listaxes electorais das que participe o Movemento  
14 como organización, mesmo que aínda non sexan integrantes do Movemento.

15

16

## 17 3. VALORES E PRINCIPIOS ÉTICOS DO MOVEMENTO SUMAR GALICIA

18 Serán principios e valores éticos do Movemento SUMAR GALICIA:

### 19 1. Solidariedade

20 Fomentar un sentido de comunidade e apoio mutuo entre as persoas que integramos o  
21 Movemento, así como coas loitas sociais, laborais e medioambientais doutros  
22 colectivos e organizacións irmás e da sociedade no seu conxunto.

### 23 2. Igualdade

24 Promover a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas,  
25 independentemente da súa nacionalidade, idade, habilidades físicas e mentais, orixe  
26 étnica, do seu xénero, identidade e orientación sexual, ou da súa condición  
27 socioeconómica.

### 28 3. Diversidade

29 Crear unha contorna inclusiva, onde as diferenzas entre as persoas valóranse e  
30 respéctanse, fomentando unha organización na que todas as voces son escoitadas e  
31 todas as diferenzas celebradas, en particular as persoas LGTBI e as persoas con  
32 discapacidade.

### 33 4. Internacionalismo

34 Moitas das problemáticas sociais, económicas e ambientais non poden ser resoltas de  
35 maneira illada, senón que requiren unha acción concertada e coordinada a nivel  
36 global.

37 O internacionalismo como principio orientador implica un compromiso firme coa  
38 construción de loitas colectivas que transcenden as fronteiras nacionais, baseadas na  
39 solidariedade entre pobos e a defensa dos dereitos humanos universais, e unha  
40 estratexia para fortalecer as loitas locais ao conectar con experiencias e aprendizaxes  
41 doutros contextos.

1 O internacionalismo non só promove a colaboración entre movementos sociais e  
2 políticos de diferentes países, senón que tamén desafia as estruturas de poder que  
3 perpetúan a desigualdade a nivel mundial, comprometéndose coas loitas dos pobos  
4 oprimidos, xa sexa contra o imperialismo, o neocolonialismo, a explotación económica  
5 ou a degradación ambiental.

## 6 **5. Xustiza social**

7 Desafiar as dinámicas de poder que benefician a uns poucos a expensas da maioría,  
8 buscando transformar o sistema para que sirva aos intereses da clase traballadora.

9 Amosar unha dedicación profunda á equidade, a igualdade e o benestar de toda a  
10 cidadanía, especialmente das persoas máis vulnerables, promovendo políticas que  
11 garantan o acceso universal a dereitos fundamentais como a educación, a saúde, o  
12 traballo digno e a vivenda.

## 13 **6. Feminismo do 99%**

14 Abrazar unha visión do feminismo que avoga por unha transformación radical das  
15 estruturas sociais, económicas e políticas, situando no centro ás mulleres  
16 traballadoras, ás mulleres de cor, ás mulleres migrantes, ás vítimas de violencia de  
17 xénero e todas aquelas que enfrontan múltiples formas de explotación e marxinação.

18 Integrar a perspectiva de xénero en todas as accións, políticas e iniciativas, como  
19 canle para acadar unha xustiza social e económica que realmente transforme a vida  
20 da maioría, combatendo a desigualdade desde as súas raíces.

## 21 **7. Compromiso medioambiental e xustiza climática**

22 Liderar políticas públicas que promovan a sustentabilidade ambiental, fomentando o  
23 uso de enerxías renovables, a redución de emisións de carbono, a protección dos  
24 ecosistemas e a promoción de prácticas agrícolas e industriais sostibles, como  
25 vehículos para avogar pola transición cara a unha economía verde que priorice a  
26 creación de empregos sostibles e de calidade e un desenvolvemento económico que  
27 non comprometa os recursos naturais.

28 En tanto os efectos do cambio climático afectan de maneira desproporcionada ás  
29 persoas máis vulnerables, o noso compromiso é incluír mecanismos para o seu apoio  
30 e protección, cara a asegurar o acceso a recursos, educación e ferramentas para  
31 adaptarse aos cambios climáticos, e promover a participación activa de toda a  
32 sociedade na toma de decisións ambientais.

## 33 **8. Federalismo inclusivo**

34 Promover un modelo político que recoñoza e respecte a a diversidade cultural,  
35 lingüística e histórica das nacións que conforman o Estado español, a través dun  
36 diálogo constante e respectuoso entre as diferentes nacións, recoñecendo os seus  
37 dereitos e fomentando a convivencia na diversidade, así como a autonomía local,  
38 mentres se busca o benestar común.

39 Impulsar unha reforma profunda das institucións do Estado, para que reflectan de  
40 maneira xusta a realidade plurinacional, e garantan a igualdade de oportunidades e  
41 dereitos para toda a cidadanía, independentemente da súa orixe territorial ou realidade  
42 socioeconómica.

1 **9. Laicidade**

2 Operar de maneira independente de calquera influencia relixiosa, promovendo a  
3 separación entre a relixión e as institucións públicas -na procura do benestar común a  
4 través de valores universais que transcenden as divisións relixiosas-, e defendendo a  
5 liberdade de conciencia e o dereito de cada persoa a elixir as súas propias crenzas  
6 sen coerción.

7 **10. Transparencia e participación democrática**

8 Actuar con honestidade e claridade en todas as decisións e accións, garantindo que a  
9 información relevante estea accesible para todas as persoas inscritas.

10 Fomentar a participación activa de todas as persoas inscritas na toma de decisións,  
11 asegurando que cada voz sexa escoitada e valorada.

12 **11. Respecto mutuo e prevención do acoso**

13 Implantar políticas internas claras e efectivas que promovan o respecto mutuo, a  
14 igualdade e a dignidade de todas as persoas que integramos o Movemento SUMAR  
15 GALICIA, xerando un ambiente libre de discriminación e acoso.

16 O respecto mutuo no ámbito da nosa organización esixe garantir, en todo caso, que as  
17 denuncias se manexen con confidencialidade, imparcialidade e celeridade no ámbito  
18 do noso propio protocolo de acoso. Proporcionar formación continua sobre acoso e  
19 respecto no lugar de traballo; e sensibilización de todos os niveis da organización  
20 sobre a importancia de manter un ambiente libre de violencia e discriminación.

21 **12. Xestión eficiente dos recursos**

22 Todas as persoas con responsabilidade política, cargos no partido ou que xestionen  
23 fondos, deberán facelo con responsabilidade, priorizando sempre o interese colectivo  
24 sobre o persoal.

25 O uso eficiente dos recursos significa evitar o malgasto, asignar orzamentos de  
26 maneira xusta e garantir que cada gasto estea xustificado e orientado a cumprir os  
27 obxectivos do Movemento. Isto inclúe desde o financiamento de campañas ata os  
28 gastos operativos ou a remuneración de cargos internos.

29 Ademais, este compromiso reforza a rendición de contas, asegurando que os recursos  
30 do Movemento SUMAR GALICIA se empregan de xeito transparente e en beneficio da  
31 organización e da sociedade. Cumprir con esta responsabilidade é fundamental para  
32 fortalecer a credibilidade do partido e a súa capacidade para liderar con integridade.

33 **12. Pensamento crítico**

34 Fomentar un ambiente de debate, reflexión e acción informada, como motor de  
35 transformación social e política que dote ao Movemento de capacidade para responder  
36 ós desafíos contemporáneos de maneira reflexiva e efectiva, a través de dúas vías:

- 37 - Promoción da capacidade de todas as persoas que integramos o Movemento  
38 SUMAR GALICIA de cuestionar as estruturas de poder, as ideoloxías  
39 dominantes e as narrativas establecidas, de analizar de maneira profunda as  
40 políticas, decisións e estruturas sociais, a través de espazos de formación  
41 política, do fomento do debate aberto e da valoración da diversidade de ideas.

- 1 - Apertura da organización á autocrítica, recoñecendo os propios erros e  
2 limitacións, e disposición a adaptarnos e evolucionar.

3

#### 4 **13. Responsabilidade colectiva**

5 Sen prexuízo da asunción de responsabilidade individual cando corresponda, a  
6 responsabilidade polas accións da organización asumiranse colectivamente, co  
7 obxectivo de traballar xuntas para corrixir erros ou inxustizas dentro do noso espazo.

8

9

### 10 **4. COMISIÓN DE GARANTÍAS**

11 A Comisión de Garantías é o órgano competente para velar polo cumprimento do  
12 presente Código Ético, dos Estatutos e de todas aquelas normas subsidiarias que  
13 deles emanen, e, como tal, é órgano responsable de exercer a potestade disciplinaria.

14 Así mesmo, a Comisión de Garantías é o órgano competente para a interpretación da  
15 aplicación do Código Ético.

16 As súas decisións só serán apelables perante a xustiza ordinaria.

#### 17 **4.1. Normas de funcionamento interno da Comisión de Garantías**

18 A Comisión poderá dotarse de normas de funcionamento cando sexa preciso, e, en  
19 todo caso, deberá convir as seguintes premisas:

- 20 1. A Comisión estará integrada por cinco persoas titulares e tres suplentes,  
21 elixidas pola Asemblea Nacional a proposta da Executiva saínte.  
22 Estas oito persoas non poden ostentar outro cargo dentro da Organización nin  
23 percibir remuneración algunha dela e so serán reelixibles por unha única vez.  
24 Causarán baixa no caso de ser obxecto dunha sanción imposta pola propia  
25 Comisión.
- 26 2. Existirán unha Presidencia e unha Secretaría, elixidas por e entre as persoas  
27 membro. A Presidencia dirixirá os traballos e xuntanzas da Comisión e a  
28 Secretaría levantará e custodiará as actas de cada xuntanza.
- 29 3. As decisións da Comisión serán tomadas por tres votos a favor como mínimo,  
30 salvo nos casos nos que sexa aplicable unha maioría reforzada segundo o  
31 previsto no presente Código, permitíndose a presentación de votos  
32 particulares.
- 33 4. As persoas membro da Comisión deberán absterse dun proceso no que poidan  
34 estar involucradas, pasando a ser substituídas polo primeiro suplente. En  
35 calquera caso, deberán facelo se:
- 36 a) O procedemento sancionador se abre contra elas.  
37 b) Son militantes da mesma comarca que a persoa denunciante ou a  
38 denunciada.  
39 c) Son familia da persoa denunciante ou a denunciada.  
40 d) Manteñen unha relación estreita coa persoa denunciante ou a  
41 denunciada, son parella ou calquera relación análoga.



1 5. As persoas membro poderán ser recusadas para un proceso concreto se  
2 concorren as anteriores causas de abstención. A recusación será aprobada  
3 polos membros restantes da Comisión. A decisión é inapelable.

4 6. As decisións desta Comisión non poderán demorar máis aló dos 60 días  
5 naturais dende a data efectiva da denuncia.

6

#### 7 **4.2. Conflitos de interese**

8 Existirá un conflito de interese cando concurren intereses persoais, financeiros ou  
9 profesionais que podan influír nas decisións ou accións a desenvolver por unha das  
10 personas integrantes do Movemento no ámbito interno ou externo da organización,  
11 comprometendo a súa imparcialidade ou a integridade do proceso político.

12 As persoas afectadas deberán absterse de adoptar decisións ou desenvolver acción  
13 algunha en relación coa situación de conflito e porase de inmediato en coñecemento  
14 da Comisión de Garantías.

15 As persoas non afectadas pero que teñan coñecemento do conflito, deberán informar  
16 á Comisión de Garantías de maneira urxente.

17

#### 18 **4.3. Investigación xudicial de cargos públicos e estrutura orgánica**

19 Cando unha persona que ostente cargo ou responsabilidade pública vencellada ao  
20 Movemento SUMAR GALICIA ou teña responsabilidade orgánica dentro da  
21 organización sexa obxecto dunha investigación xudicial que puidese determinar o  
22 incumprimento dos nosos valores e principios éticos, ou a existencia dun conflito de  
23 interese nos termos recollidos no apartado anterior, deberá informar á Comisión de  
24 Garantías nun prazo máximo de 72 horas.

25 Recibida a comunicación, a Comisión de Garantías decidirá nun prazo máximo de 48  
26 horas sobre a suspensión no exercicio de cargo público ou responsabilidade dentro da  
27 organización da persoa investigada, ou incluso a súa suspensión cautelar como  
28 inscrita.

29 No momento en que se dictara o auto de apertura de xuízo oral nun procedemento  
30 ante os órganos da xurisdicción penal, corresponderá de novo o cumprimento do  
31 trámite de comunicación á Comisión de Garantías, que poderá adoptar una decisión  
32 distinta da anterior, á espera da eventual sentenza, que determinará, segundo o seu  
33 contido de feitos probados e fallo, a decisión derradeira sobre o status da persoa  
34 respecto ao Movemento.

35

36

37

38

## 1 **5. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR**

2 A respecto do proceso sancionador que rexe o funcionamento do MOVEMENTO  
3 establécese o seguinte:

### 4 **5.1. Denuncia**

5 Calquera militante poderá denunciar unha infracción:

- 6 ● Ante o Consello Comarcal onde milite a persoa denunciada.
- 7 ● Se a persoa denunciada é membro do propio Consello comarcal, ante a  
8 Coordinadora Nacional.
- 9 ● Se a persoa denunciada é membro da Cordinadora Nacional, directamente  
10 ante a Comisión de Garantías.

11 Nos supostos a) e b) anteditos, se o órgano en cuestión considera que os feitos  
12 denunciados poden ser, efectivamente, constitutivos de infracción consonte ó réxime  
13 disciplinario previsto no apartado 7 seguinte, trasladaralle a denuncia á Comisión de  
14 Garantías no prazo de 15 días dende a súa recepción.

15 A non admisión a trámite dunha denuncia, poderase recurrir ante a Comisión de  
16 Garantías.

17

### 18 **5.2. Convocatoria da Comisión de Garantías. Suspensión cautelar de militancia**

19 A Comisión de Garantías deberá convocar a primeira xuntanza para tratar unha  
20 denuncia no prazo máximo de 15 días dende a súa recepción.

21 Nesta primeira xuntanza, ou en calquera momento ulterior, a Comisión poderá, se a  
22 gravidade da acusación e os indicios existentes así o aconsellasen, suspender  
23 cautelarmente de militancia e, por consecuencia, da ostentación de calquera cargo, á  
24 persoa militante denunciada.

25 Esta acción tomarase sempre, de xeito obrigatorio, en caso de que os feitos  
26 denunciados sexan:

- 27 ● Malversación de fondos ou bens da organización.
- 28 ● Emprego fraudulento de datos en posesión da organización, sobre todo no  
29 referido a Datos de Carácter Personal de militantes, en beneficio propio.
- 30 ● Aproveitamento dun cargo da organización para beneficio propio e personal.
- 31 ● Abuso físico contra membros da organización, ou sexual contra calquera  
32 persoa propia ou allea.
- 33 ● Altos cargos da organización que teñan posicionamentos públicos radicalmente  
34 opostos á liña política do MOVEMENTO.

35

### 36 **5.3. Dereitos da persoa denunciada**

37

- 38 a. A ser escoitada dende a apertura do expediente ata a súa resolución definitiva.
- 39 b. A un procedemento contradictorio no cal poida alegar e impugnar as acusacións  
40 presentadas.

- 1 c. A presentar as probas que estime para a súa defensa dende que se abra o  
2 expediente ata que sexa autorizada a redacción da resolución.  
3 d. A ser representada por outra persoa militante nomeada ao efecto, en caso de non  
4 poder facelo en persoa.  
5 e. Á presunción de inocencia e á imparcialidade do proceso.  
6

#### 7 **5.4. Instrucción do expediente**

8

9 A instrucción dos expedientes sancionadores compete, en exclusiva, á Comisión de  
10 Garantías. A Executiva terá que convalidar as sancións impostas. Cando se trate de  
11 sancións graves ou moi graves, tamén se requirirá a aprobación da Coordinadora  
12 Nacional.

13 A instrucción do proceso rexirase polas seguintes normas:

- 14 a. Unha vez aprobada a apertura do expediente, esta será comunicada á persoa  
15 afectada cunha marxe mínima de 15 á instrucción, prazo durante o cal pode  
16 presentar as alegacións e documentos que estime.  
17 b. A persoa afectada deberá ter coñecemento das actuacións e investigacións da  
18 Comisión de Garantías, sen prexuízo da salvagarda do anonimato e protección  
19 dos dereitos da persoa denunciante ou que sexan entrevistadas durante a  
20 instrucción.  
21 c. As comunicacións a respecto do expediente serán sempre tramitadas con  
22 acuse de recibo, garantindo así a non indefensión da persoa denunciada.  
23 d. En todas as xuntanzas de calquera órgano onde se vaia tratar o tema, salvo  
24 nas da Comisión de Garantías, deberá constar, na Orde do Día, un punto  
25 específico, e a persoa denunciada terá dereito a participar con voz e sen voto  
26 no dito punto.

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

## 1 **6. RÉXIME DISCIPLINARIO**

2 Son infraccións disciplinarias as accións ou omisións contrarias ao presente Código  
3 Ético, aos Estatutos e de todas aquelas normas subsidiarias que deles emanen,  
4 cometidas polas persoas membro e previstas neste documento.

5 As infraccións poden ser: leves, graves ou moi graves.

6

### 7 **6.1. Infraccións leves**

8

- 9 a. Non informar á Comisión de Garantías da posible comisión dunha infracción grave  
10 ou moi grave.
- 11 b. A inasistencia inustificada a tres reunións consecutivas de órganos respecto dos  
12 que se ostente un cargo, dúas no caso de organizacións nas que participe o  
13 MOVIMENTO.
- 14 c. Difamar a compañeiras ou compañeiros atribuíndolles accións catalogadas como  
15 infraccións leves neste Código.

16

17 As infraccións previstas neste apartado serán sancionadas cunha censura escrita.

18

### 19 **6.2. Infraccións graves**

20

- 21 a. A desobediencia ás decisións tomadas por calquera órgano, cun claro fin de dano  
22 ao MOVIMENTO, en particular o incumprimento de resolucións da Cordinadora  
23 Nacional ou da Asemblea Nacional.
- 24 b. Participar en accións de boicot cara o MOVIMENTO, incluída a manifestación  
25 pública de posicionamentos e atitudes contrarias á liña política, principios ou  
26 valores do MOVIMENTO por parte da militancia que non ostenta responsabilidade  
27 orgánica ou cargos públicos ou en organizacións nas que participe o  
28 MOVIMENTO que animen ou provoquen, activa ou pasivamente, ao boicot ás  
29 actividades da organización.
- 30 c. Inxuriar gravemente a calquera persoa membro do MOVIMENTO.
- 31 d. A desobediencia das decisións tomadas por calquera órgano do MOVIMENTO  
32 que cause prexuízo á organización.
- 33 e. Non informar á Comisión de Garantías da posible comisión reiterada de infraccións  
34 graves ou moi graves.
- 35 f. Non dar conta á Comisión de Garantías da concorrencia, nunha terceira persoa,  
36 dun posible conflito de interese ou da apertura dunha investigación xudicial que  
37 puidese determinar o incumprimento dos nosos valores e principios éticos
- 38 g. O abuso do cargo ou autoridade que supoña un prexuízo ou vexación a calquera  
39 membro da organización.
- 40 h. A reiteración da mesma infracción leve ou a comisión de tres infraccións leves nun  
41 período de tres meses.
- 42 i. O emprego non autorizado polos órganos competentes do patrimonio do  
43 MOVIMENTO.

1 j. Difamar a compañeiros ou compañeiras atribuíndolles accións catalogadas como  
2 infraccións graves ou moi graves neste Código.

3

4 As infraccións recollidas neste apartado serán sancionadas cun período de  
5 suspensión de militancia non superior a seis meses.

6 Sen prexuízo do anterior, aplicación dunha sanción por infracción grave conleva  
7 automaticamente a inhabilitación para cargo durante un período non superior a un ano,  
8 a determinar mediante acordo da Comisión de Garantías por maioría reforzada de  
9 catro votos.

10

11

### 12 **6.3. Infraccións moi graves**

13

14 a. A desobediencia ás decisións tomadas por calquera órgano, cun claro fin de dano  
15 ao MOVEMENTO, en particular o incumprimento de resolucións da Cordinadora  
16 Nacional ou da Asamblea Nacional, cando sexan reiterados alo menos unha  
17 segunda vez dentro dun periodo anual.

18 b. Participar en accións de boicot cara o MOVEMENTO, incluída a manifestación  
19 pública de posicionamentos e actitudes contrarias á liña política, principios ou  
20 valores do MOVEMENTO, por parte de persoas que ostenten cargos internos  
21 neste ou en organizacións nas que participe o MOVEMENTO, ou ostenten  
22 responsabilidades públicas, que animen ou provoquen, activa ou pasivamente, ao  
23 boicot ás actividades da organización.

24 c. A comisión de calquera acto que entre en contradición absoluta coa liña política  
25 básica do MOVEMENTO marcada polo presente Código Ético, polos nosos  
26 documentos assembleares e polos Estatutos en vigor, e que causen un grave  
27 prexuízo á organización.

28 d. Inxuriar a calquera outra persoa membro do MOVEMENTO.

29 e. Non dar conta, a persoa afectada, á Comisión de Garantías, da existencia dun  
30 posible conflito de interese ou da apertura dunha investigación xudicial que  
31 puidese determinar o incumprimento dos nosos valores e principios éticos.

32 f. A comisión de actos de acoso, segundo a resolución da investigación derivada da  
33 aplicación do Protocolo vixente, acta da Inspección de Traballo ou sentenza  
34 xudicial.

35 g. O abuso sexual ou físico contra membros da organización ou alleos.

36 h. A apropiación indebida, a cesión ou a malversación de bens pertencentes ao  
37 MOVEMENTO.

38 i. Difundir publicamente informacións reservadas e confidenciais expresadas nos  
39 órganos do MOVEMENTO.

40 j. A falsificación ou alteración de documentos xurdidos dos diferentes órganos do  
41 MOVEMENTO.

42 k. O uso de información privilexiada obtida nas reunións do MOVEMENTO para fins  
43 alleos aos determinados polos organismos do MOVEMENTO.

44 l. A reiteración da mesma infracción grave ou a comisión de tres infraccións graves  
45 nun período de seis meses.

1

2 As infraccións referidas neste apartado serán sancionadas coa expulsión do  
3 MOVEMENTO e a tramitación dunha solicitude por parte da Cordinadora Nacional do  
4 MOVEMENTO para a expulsión de Movemento Sumar e as organizacións aliadas.

5

6

## 7 **7. INTERPRETACIÓN, REVISIÓN E RENOVACIÓN DO CÓDIGO ÉTICO**

8 As persoas militantes e o resto de órganos do MOVEMENTO poderán remitir á  
9 Comisión de Garantías dúbidas interpretativas ou de aplicación deste Código, que esta  
10 deberá resolver no prazo máximo dun mes.

11 Así mesmo, poderán enviar suxestións de reforma futura do Código Ético.

12 O presente Código Ético deberá ser revisado, en calquera caso, unha vez  
13 transcorridos 4 anos dende a súa aprobación conforme ao procedemento establecido  
14 no Documento Organizativo.

15 Unha vez rematado o proceso de aprobación, poderá redactarse este documento nun  
16 formato máis estruturado que permita unha mellor lectura.

17

### 18 **ANEXO 1: Protocolo de prevención e loita contra o acoso**

19 No prazo de 6 meses dende a súa conformación, a Comisión de Igualdade do  
20 Movemento SUMAR GALICIA propondrá un texto de “Protocolo de prevención e loita  
21 contra o acoso” para a súa aprobación polo órgano correspondente e a súa inmediata  
22 posta en funcionamento.

23 Ata a aprobación definitiva do Protocolo, a prevención e investigación das potenciais  
24 situacións de acoso será desenvolvida pola Comisión de Garantías.

25

### 26 **ANEXO 2: Plan de igualdade**

27 No prazo de 6 meses dende a súa conformación, a Comisión de Igualdade do  
28 Movemento SUMAR GALICIA propondrá un texto de “Plan de igualdade” para a súa  
29 aprobación polo órgano correspondente e a súa inmediata posta en funcionamento.